

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 28/11/2019 8:26:38
SAIDA 12840/19

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 143/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada con data do 10 de outubro de 2019, por [REDACTED]
[REDACTED], e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [REDACTED]
[REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 10 de outubro de 2019, unha reclamación, ao amparo do establecido na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, contra a o Decreto da alcaldía do Concello da Coruña do 26 de setembro de 2019, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre o Sr. Lage e o PSdG de A Coruña

O reclamante no seu escrito de recurso manifesta que lle resulta surrealista que no edicto que recorre, se diga que non aportou os estatutos da asociación que permitan coñecer cal e o obxecto e finalidade da asociación e que aportou as actas e rexistros da plataforma. Solicita a anulación da resolución (debe entenderse o Decreto da alcaldía do 26 de setembro de 2019)

Segundo. Con data 17 de outubro de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de outubro de 2019.

Terceiro. Con data 30 de outubro de 2019, o Concello da Coruña contesta a petición remitindo copia do expediente instruído, no que consta informe da Dirección da Asesoría Xurídica do 28 de outubro de 2019, sobre a reclamación presentada polo interesado, no que conclúe, que debe inadmitirse a reclamación sobre os datos do padrón municipal por tratarse de datos de carácter persoal que solo pode obterse con autorización do interesado, e respecto a información referente a un partido político, por canto estas entidades non son suxeitos obrigados á dar acceso á información.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do

mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, o decreto recorrido dictouse con data do 26 de setembro de 2019 e o interesado interpuxo a súa reclamación con data do 10 de outubro de 2019, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O Decreto da alcaldía resolve inadmitir a solicitude de acceso á información presentada por non acompañar o seu escrito de documento que xustifique a representación que manifesta ostentar, nin aportar copia dos Estatutos da asociación que permita coñecer cal é o seu obxecto e finalidade e, nun caso, referirse a datos persoais protexidos da súa cesión a terceiros, consonte á lexislación vixente.

Da copia da documentación do expediente remitida polo Concello, consta que o interesado presentou certificado da secretaria da asociación recorrente na que se faculta ao Presidente a actuar en nome da asociación, e inscrición no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia. Descoñécese si esa documentación presentouse en copia simple ou en orixinal, pero en calquera caso, se o Concello non a considerase suficiente para acreditar a representación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debería ter requirido ao interesado para que, nun prazo de dez días, emendase a falla ou acompañase os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle tería por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da mesma Lei, requirimento este que non consta e polo que non procede a inadmisión por este motivo.

Polos mesmos motivos, non procede a inadmisión da reclamación por non aportar os estatutos da asociación, non considerándose por esta Comisión necesaria a súa aportación para a resolución da solicitude presentada, dado que de conformidade co disposto 26.4 da Lei 1/2016, a solicitude non require de motivación por parte do solicitante.

O interesado solicitou expresamente o seguinte:

“Primeiro: Expresamente certificación del Padrón Municipal o informe certificado del alta en el Padrón Municipal del Concello de A Coruña con certificación de la baja del Concello de origen, del Sr. José Manuel Lage Tuñas desde el año 2009 al 2019 incluído.”

Segundo.- Copia documental correspondiente a la campaña electoral municipal del Partido Socialista Obrero Español para el Concello de A Coruña cuyo responsable es el Sr. D José Manuel Lage Tuñas.”

O reclamante non alega argumento algún, pese ao volume de documentación presentado coa súa reclamación, que rebata o motivo polo cal se lle denega a certificación do padrón municipal, que non é outra que o feito de referirse a datos persoais protexidos da súa cesión a terceiros, como establece o edicto impugnado.

Para dar resposta á petición da entidade solicitante, sería necesaria a emisión dun certificado ou dun informe certificado coa información referente á baixa dunha persoa no padrón municipal da Coruña. Un certificado, e un documento administrativo que acredita a existencia dunha información contida nun documento para que sirva como testemuño fidedigno expedido a solicitude dunha persoa ou unha entidade, que pretenda a produción de efectos, xa sexa nun procedemento administrativo ou no marco das relacións xurídico-privadas. Non é por tanto o solicitado, un contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións, senón que se está solicitando que se emita un documento administrativo concreto (certificación da baixa no padrón municipal do 2009 ao 2019), e non unha información en poder do Concello, polo que non estamos ante unha solicitude de acceso á información, senón ante unha petición de emisión dun documento, que ten o seu propio procedemento tal e como figura no informe da Directora da Asesoría Xurídica do Concello, do 28 de outubro de 2019 que figura no expediente, e que debe tramitarse de acordo co establecido nel.

Respecto da información referente á campaña electoral dun partido político, como xa se pronunciou esta Comisión na reclamación RSCTG 128/19, presentada pola mesma entidade reclamante, non son os partidos políticos suxeitos obrigados á conceder información solicitada polos cidadáns (publicidade pasiva). Debe partirse da base de que en materia de Transparencia, a normativa establece por unha banda, unha serie de obrigas aos suxeitos incluídos dentro do seu ámbito de aplicación en materia de publicidade activa, e por outra, a obriga de dar resposta ás solicitudes de acceso á información que presenten os cidadáns, que é o que podería denominarse publicidade pasiva.

Os suxeitos incluídos no artigo 3, parágrafos 1 e 2 da Lei 1/2016 (entre os que se atopan os partidos políticos), están obrigados á publicidade activa prevista no artigo 6 e seguintes da Lei 1/2016, e o artigo 5 da Lei 19/2013, que consiste en publicaren por propia iniciativa e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e doadamente accesible toda aquela información relevante relativa ao seu funcionamento, como medio para fomentar o exercicio por parte da cidadanía do seu dereito fundamental á participación e ao control sobre os asuntos públicos.

Pola súa banda o dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa, neste caso unha asociación, a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no artigo 3.1 da Lei 1/2016 (entre os que non se atopan os partidos políticos) e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

No presente caso, o interesado solicitou a un Concello información referente a un partido político. Tal e como figura no informe da Asesoría Xurídica do o suxeito titular da información non é un suxeito obrigado á publicidade pasiva, e por tanto o contido da solicitude de información, queda fora do ámbito da Lei 1/2016 e 19/2013, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] contra o Decreto da alcaldía do Concello da Coruña do 26 de setembro de 2019, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre o Sr. Lage e o PSdG de A Coruña.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)	por 76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C)	Fecha: 2019.11.27 11:30:06 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia